| CA3.3 - Coñecer e analizar criticamente a imaxe que se deu da muller na historia da arte, mediante a análise comparativa de obras de distintas épocas e culturas nas que se representen figuras, roles, símbolos e temas relacionados coa feminidade. | Subraiar mediante o estudio de diferentes fontes histórico-artísticas o tratamento da imaxe que se deu da muller durante esta época artística comparándoa con outras | | |
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas. | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte da primeira metade do século XIX, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas. | | |
| CA4.2 - Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais. | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte das segundas vangardas e as diversas formas de manifestación | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
| --- |
| - O papel das academias no século XVIII. O neoclasicismo.<br>- A arte como idioma de sentimentos e emocións. A natureza e a representación das emocións. O romanticismo.<br>- Pintura española do século XIX: Goya.<br>- A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o pensamento ilustrado ata o século XIX. O realismo.<br>- A pintura impresionista.<br>- A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea.<br>- A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo.<br>- Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema.<br>- A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica.<br>- A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte.<br>- Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos.<br>- Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente.<br>- Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | A arte na primeira metade do século XX. A arte na segunda metade do século XX. | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.2 - Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas. | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do barroco español e galego e as diversas formas de manifestación. | PE | 80 |
| CA3.1 - Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo. | O alumnado é capaz de responder de modo satisfactorio e suficiente a comentarios histórico-artísticos de obras da arte do barroco español e galego e as diversas formas de manifestación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas. | Distinguir mediante diversas fontes histórico-artísticas a variedade de códigos e linguaxes. O sentido da iconografía | TI | 20 |
| CA1.3 - Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos. | Clasificar e comparar mediante fontes artísticas de diversos tipos e diversas épocas a evolución da arte do século XX en Europa. | | |
| CA2.1 - Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción. | Comparar e contrastar por medio de diversas fontes histórico-artísticas a función relixiosa e propagandísta da arte contemporánea a creación de espazos arquitectónicos. | | |
| CA2.3 - Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador. | Definir por medio de traballos de investigación bibliográficos as figuras máis salientables da arte do do século XX español, incidindo na linguaxe artística como comunicación. | | |
| CA3.2 - Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel. | Identificar mediante traballos de investigación as principais artistas femininas dentro da arte da primeira metade do século XX. | | |
| CA4.1 - Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sostible de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas. | Distinguir e valorar a arte e o patrimonio artístico herdado da arte contemporánea, sobre todo en España, visualizando obras e diversas fontes histórico-artísticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético.<br>- Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas.<br>- Ferramentas para a análise da obra de arte: elementos técnicos, formais e estilísticos. Estudo iconográfico e significado, identificación, contextualización e relevancia da obra. A análise comparativa.<br>- A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o pensamento ilustrado ata o século XIX. O realismo.<br>- Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade.<br>- Vangardas e novas formas de expresión. |

| Contidos |
| --- |
| - A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea. |
| - A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo. |
| - A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade. |
| - A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital. |
| - Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema. |
| - A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. |
| - A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte. |
| - Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX. |
| - Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte. |
| - Arquitectura, urbanismo e deseño sostible. A contribución da arte aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Arte e medio ambiente. |
| - O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sostibles. Museografía e museoloxía. |
| - Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para analizar a metodoloxía vaise a partir das seguintes premisas:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e construír paulatinamente os novos contidos a través de actividades de adquisición, repaso e reforzo.
- Relacionar os contidos curriculares coa vida cotiá próxima ao alumnado co obxectivo de crear interese e motivación.
- Desenvolver a reflexión e o espírito crítico para fomentar a capacidade de razoamento e as iniciativas persoais.
- Crear un clima escolar de aceptación mutua e de cooperación.
- Proporcionar os medios necesarios para acadar unha atención individualizada, desenvolvendo as medidas de reforzo, agrupamento e adaptacións curriculares que sexan precisas.
- Diversificar os instrumentos de avaliación e potenciar o seu carácter formativo.
- Favorecer a reflexión e a intuición para conseguir que o alumnado teña unha iniciativa investigadora.
- Potenciar a lectura e a busca de información e tratamento da información como fonte de coñecemento e entretemento.

- Fomentar habilidades no alumnado para que sexa capaz de continuar a aprendizaxe de forma autónoma.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas, combinando o traballo individual e o cooperativo.
- Potenciar a aprendizaxe por proxectos.
- Facer un uso habitual das TIC.
- Recalcar o papel do profesorado como un medio motivador para que o alumno teña unha actitude favorable cara os contidos da materia.

Os contidos da área presentaranse organizados en conxuntos temáticos de carácter analítico e disciplinar, que aparecen denominados como bloques.
A Xeografía e Historia permite desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da Xeografía, a Historia, e a cultura de Galicia. Non se pode esquecer, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da causalidade múltiple e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso axeitado da información e o manexo da documentación.
A finalidade destas materias concrétase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que o alumnado adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria. O alumnado tense que implicar na aprendizaxe e ten que adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo. Na nosa práctica docente empregaremos os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos das materias de Xeografía e Historia (como compoñentes das competencias básicas) e, deste xeito, poder alcanzar os obxectivos en cada materia.
Utilización da Aula Virtual como apoio a  Docencia. Con independencia do réximen lectivo seguido en cada momento do curso escolar, ao largo do curso  utilizarase a Aula Virtual como apoio a  docencia reglada.  Fomentarase un maior uso conforme o alumnado vaia promocionando no curso. En xeral, a súa utilización responderá as siguientes pautas:  definirase a estrutura do curso en unidades, temas, secciones, etc. Procurarase que o desenvolvemento dos contenidos do curso esté dispoñible na Aula Virtual, sobre todo por que non se dispón  dun libro de texto. Proporcionaranse recursos educativos para

o tratamento dos contidos programados (documentos explicativos, materias audiovisuais, cuestionarios, actividades resoltas, recursos de reforzo e de ampliación, modelos de probas, etc.). Poderanse establecer tarefas e outras actividades de avaliación cuxa entrega quede rexistrada na Aula Virtual.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Apuntamentos do docente. |
| Cartafol de traballo do alumnado. |
| Aula Virtual. |
| Fichas fotocopiables. |
| Materiais audiovisuais. |
| Mapas Históricos e artísticos. |
| Materiais informáticos |

Un aspecto fundamental da metodoloxía son os materiais e recursos didácticos, facendo especial mención ós materiais escritos, incluíndo os libros de texto, a prensa periódica, dicionarios, atlas históricos, mapas históricos e xeográficos, recursos en rede e os materiais audiovisuais: documentais e películas. Incidindo no referente a libros de texto, non se propón ningún libro de texto obrigatorio, e no caso da materia Historia da Arte de 2 de Bacharelato, utilizarase material de elaboración propia, así como fotocopias, fichas, tanto entregado ao alumnado como proxectado co canón, tamén empregamos diferentes recursos da rede, presentación e outro tipo de recursos variados.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante a dúas primeiras semanas de clase, faranse actividades de comprensión e expresión, seleccionadas para comprobar en que medida se posúen as competencias necesarias para o seguimento da programación. Unha vez corrixidas as actividades o docente adecuará o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe ó nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo contará coa información pertinente para, unha vez

contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.
Os instrumentos para realizar dita avaliación pode ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática.
- Entrevista oral.
- Cuestionario.
- Análise de producións escritas.
- Proba específica.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **20** | **25** | **10** | **30** | **100** |
| **Proba escrita** | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | **80** |
| **Táboa de indicadores** | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | **20** |

**Criterios de cualificación:**

Procedementos de avaliación.
A avaliación é un proceso que se basea na observación sistemática da evolución do alumno e do seu traballo na aula e nas probas que se lle mandan. Esta combina aspectos moi diversos da práctica educativa como: o crecemento intelectual, a comprensión e uso correcto de conceptos, o dominio dun pensamento lóxico, o uso correcto do idioma, o desenvolvemento persoal e social, o afondamento no coñecemento da sociedade actual a través do pasado máis recente e máis arredado, etc.
Criterios de Avaliación.
Os instrumentos de avaliación empregados polo docente concrétanse en actividades a realizar polos alumnos: resposta a preguntas, presentación orais, resolución de exercicios, busca de información, debates, etc.
O docente dará ó alumnado as instrucións para realizar cada unha das actividades, pero todas elas, tanto exames como intervencións orais, tanto traballos escritos na libreta como entregados aparte, serán valoradas seguindo uns criterios de cualificación que explicamos a continuación:

- Corrección: para que unha actividade sexa correcta, teñen que darse unha serie de condicións:
  - Adecuación: a actividade ocúpase do asunto que se pregunta e non outro calquera.
  - Coherencia: na argumentación non hai contradicións.
  - Claridade: as explicacións son facilmente intelixibles (non son "escuras").
  - Distinción: os conceptos empregados están definidos (non son "confusos").
- Actividade completa: significa que a actividade é desenvolvida esgotando, na medida do posible, o asunto do que trata. A actividade completa manifféstase no emprego de tódolos conceptos relacionados co asunto.
- Boa presentación: significa que o resultado final da actividade ten calidade estilística. A boa presentación manifféstase no coidado do material impreso, da ortografía e a dicción.

- Autonomía: significa que a actividade é realizada por un mesmo. A autonomía manifístase no uso dunha linguaxe propia, na reflexión sincera e no emprego de exemplos orixinais.
- Dedicación: significa que o alumno tentou superar as súas dificultades sen escatimar tempo e esforzo para que o resultado sexa satisfactorio.
- Pertinencia: significa que as intervencións van dirixidas a realizar as actividades e non a obstaculizalas.
- Respecto: significa que a palabra dos outros compañeiros e do profesor é escoitada de forma activa, e que a súa postura é valorada.
- Colaboración: significa que nas actividades de grupo o resultado colectivo prima sobre as inclinacións individuais.
- Puntualidade: significa que se respectan os tempos establecidos para as actividades. A puntualidade manifístase na asistencia ás aulas, no remate das actividades e na entrega dos traballos.

Criterios de cualificación.

- Para poder realizar isto o profesorado que se faga responsable da materia decidirá para cada actividade cales son os criterios relevantes a ter en conta. Por exemplo, nunha exposición oral son relevantes a corrección, completar todos os elementos, presentación e autonomía. Nunha busca de información en grupo, en cambio, a colaboración e o respecto poden ser tamén relevantes, namentres poden non selo a realización completa de todos os elementos e a presentación. Unha vez determinados os criterios relevantes o docente poderá empregar a seguinte rúbricas, listas de cotexo ou diferentes listaxes de corrección que considere oportuno segundo as necesidades.
- Os catro derradeiros criterios do listado de metodoloxía –dedicación, pertinencia, respecto e colaboración- non se refiren ó contido das actividades, senón á actitude que as favorece. A ponderación destes criterios actitudinais consistirá na adición de decimais para o redondeo da cualificación da avaliación acadando o enteiro superior (por exemplo, un alumnado que ten un 6.3 como resultado da avaliación engadida, poderá acadar un 7 en función de se foi cualificado positivamente atendendo a estes criterios).
- No proceso de avaliación empregaranse diversos instrumentos co fin de obter unha panorámica o máis ampla posible sobre o desenvolvemento das competencias do alumnado. Estes instrumentos están ligados a unhas porcentaxes a partires das que se obterá a nota de cada avaliación. Un lugar importante entre os instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado son os distintos tipos de probas orais e escritas (probas obxectivas, desenrolo de temas, exercicios de aplicación...).
- 
- As notas de cada unha das avaliación vai seguir o seguinte esquema:
  - Porcentaxe:
  - Proba escrita: 80%
  - Realización de traballos: 20%

Proba escrita sobre os contidos en cada unha das avaliacións.

- Todas as probas van ser valoradas de 0 a 5 puntos, e farase unha media coas notas a través dos porcentaxes establecidos na táboa anterior. En cada avaliación haberá aproximadamente dúas probas, ambas sumarán 10 puntos posibles.
- Neste caso seguirase o modelo de probas escritas organizado pola ABAU, que se explica en profundidade máis abaixo.

Cualificación das avaliacións.

- Todas as probas van ser valoradas de 0 a 5 puntos, sumarase a nota de dúas probas para alcanzar a nota total da avaliación e farase unha media coas notas a través dos porcentaxes establecidos nas táboas anteriores, e segundo o suposto que se siga nese momento.
- Por conseguinte, a cualificación de cada avaliación vai ser a suma dos porcentaxes anteriores. Considerase que o alumno/a superou a avaliación se obtivo unha nota igual ou superior a 5 puntos, establecendo os 5 como a nota establecida para o aprobado.
- A nota final ordinaria vai ser a media aritmética das tres avaliacións, e entenderase a materia como superada cando a nota sexa igual ou superior a 5.

**Criterios de recuperación:**

Para poder recuperar a avaliación vai existir unha proba de recuperación, que será realizada na seguinte avaliación. A nota obtida nesta proba será a que se tomará de referencia para a cualificación da avaliación ordinaria, no caso de que sexa superior á nota que tiña o alumno na avaliación.

- En caso de non ter superadas as tres avaliacións ó final do curso, o departamento propón un exame final en

maio antes da avaliación ordinaria. Esta proba será unha proba escrita seguindo o modelo de exame da ABAU e supón o 100% da nota Para beneficiar ó alumnado no caso de ter suspensa só unha avaliación, poderá presentarse o exame desa avaliación, pero no caso de non ter superadas dúas das avaliacións o alumno/a terá que presentarse á proba extraordinaria, realizada antes da avaliación ordinaria, con toda a materia do curso.

- Con carácter xeral, a cualificación da avaliación final será a media das tres avaliacións. No cálculo da media aplicarase un redondeo seguindo os criterios establecidos con anterioridade, na que si o alumno/a acada as 75 centésimas pasara ó numero enteiro seguinte, pero senón quedarase co número enteiro correspondente. De modo extraordinario, un alumno/a poderá acadar unha cualificación superior á media aritmética correspondente cando a súa progresión durante o curso sexa tan intensa que acade un grao de aprendizaxe dos estándares moi superior ó realizado nas primeiras avaliacións.
- Recuperación do alumnado: No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado poderá presentarse a unha proba extraordinaria realizada no mes de xuño, segundo as datas propostas pola dirección do centro e a xefatura de estudos. Esta proba será unha proba escrita seguindo o modelo de exame da ABAU e supón o 100% da nota. É dicir, só se terá en conta ó exame. Para considerar que o alumnado superou a materia terá que sacar unha nota igual ou superior a 5 puntos.
- Todas as probas do curso faranse conforme as directrices da CIUG para a ABAU: Comentario de unha obra de arte a elixir entre varias (en xeral 3) e definición de conceptos: dous con cada imaxe a elixir entre 4. O comentario puntuará sobre 4 puntos e as definicións 1 punto. En cada avaliación faranse dúas probas, sumarase a cualificación das dúas e considerarase aprobado o alcanzar o 5, podendo chegar a un 10.

**6. Medidas de atención á diversidade**

Para atender as diferenzas entre o alumnado da materia contémplanse tres tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

1. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para o alumnado que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.
2. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para os alumnos que manifesten unha grande discapacidade na aprendizaxe dos estándares.
3. Adaptación das metodoloxías de ensino-aprendizaxe en forma de traballo colaborativo entre alumnado con grao heteroxéneo de desenvolvemento de capacidades de modo que os máis avanzados titoricen aos que precisan algún tipo de reforzo.

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A educación para os dereitos humanos e a paz pretende: apreciar os dereitos e liberdades humanas como un logro irrenunciable da humanidade. Desenvolver actitudes de rexeitamento ás desigualdades sociais e económicas dos pobos e promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias. | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A educación cívica pretende: desenvolver actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que no coinciden coas propias. Formar un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas. | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A educación para a igualdade entre os sexos pretende: analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, rexeitar a violencia de xénero dando un tratamento equivalente e equilibrado ao papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico. Consolidar hábitos non discriminatorios. | X | X | X | X | X |
| ET.4 - A educación multicultural pretende: comprender o significado histórico de culturas non europeas. Desenvolver actitudes de tolerancia e valoración respecto aos demais. | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A valoración do patrimonio artístico como parte fundamental da no identidade. | X | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Viaxe didáctica a Roma | Estancia de unha semana na cidade italiana para visitar museos, monumentos e espazos artísticos de diversa natureza. | | X | |
| Visita a Catedral de Santiago de Compostela | Visita ao interior, fachadas, museos e cubertas deste monumento | | X | |

**Observacións:**

En principio so se planean dúas actividades extraescolares para a materia de Historia de Arte, debido as limitacións de tempo en 2º de Bacharelato. No caso de que teñamos dispoñibilidade máis tempo e medios, pode cambiarse este criterio e realizar máis actividades extraescolares visitando museos, obras de arte ou edificios significativos próximos. O departamento intentará organizalas coa suficiente antelación e informará á Vicedirección para realización de actividades complementarias e extraescolares.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Demostración do coñecemento da materias |
| Avalia e xulga en función dos criterios da programación. |
| Ofrece poprtunidades de recuperación. |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros. |
| Os criterios de avaliación e cualilficación foron claros. |
| A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada. |
| Metodoloxía empregada |
| Crea ambiente de aprendizaxe |
| Emprega variedade de recursos |
| Realiza actividades innovadoras- |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Planifica lección, ensina e avalia. |
| Explica con claridade, e ordenada nas explicacións e resolve dúbidas. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Realizouse a avaliación inicial. |
| Os criterios de cualificación foron axustados ás necesidades do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Motiva ó alumnado. |
| Os contidos e as actividades relacionánronse cos intereses do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Informase axeitadamente as familias sobre a evolución do alumnado. |
| Outros |
| Cumpriu co horario de clase. |

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñenunha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidadee xestión da aula.Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final decada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e ametodoloxía. Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal disponse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionarioversa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados,criterios de cualificación xustos...).

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...Todo isto coa finalidade de ir axustando, e incluso modificando cando sexa preciso, aqueles aspectos didácticos que se crea convenientes para que dita programación resulte máis real, axeitada e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicacón Proens por avaliación, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida ós contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns dasdificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidadede alumnado, etc.). De todo isto elaborarase un informe detallado nas actas dodepartamento na avaliación seguinte. Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación, e comprobarase o seu grao de cumprimento. Finalmente, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade. Intentando deste xeito ir mellorando ano a ano, e intentando axustarse ás necesidades do alumnado.

**9. Outros apartados**